



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Vicenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2021

O 8 de marzo é xa unha data consolidada dedicada á reflexión das condicións laborais das mulleres a nivel mundial. Aínda e todo, estamos lonxe de acadar unha equiparación nas condicións laborais entre mulleres e homes.

Segundo os derradeiros estudos e estatísticas oficiais en España o desemprego laboral afecta, fundamentalmente, ás mulleres. Figuran como demandantes de emprego 1.890.000 (o 53% delas xa leva máis dun ano en paro) fronte ao 1.350.000 de homes que se atopan nesa mesma situación. Polo que se refire aos contratos a tempo parcial, tamén son as mulleres as máis prexudicadas: un 60% ten contrato de menos de 12 meses fronte ao 52% dos homes.

Segundo datos do terceiro trimestre de Enquisa de Poboación Activa do ano 2020, as mulleres que traballan a tempo parcial son 1.941.800 fronte aos 712.900 homes que traballan a tempo parcial. A causa principal que leva as mulleres a esta situación é ter ao seu cargo o coidado de menores, persoas enfermas ou dependentes polo que 56.600 deixan o seu traballo fronte a 8.100 homes que fan o mesmo, mentres que as que solicitan excedencia son un 90,9% de mulleres fronte ao 9,10% de homes.

A enquisa Europea sobre a calidade de vida -EUROFOUND-, reflicte que un 37,5% de mulleres europeas ocúpase no seu día a día de menores, persoas maiores e dependentes mentres que só un 24% dos homes se implica nestas mesmas responsabilidades. Segundo esta mesma enquisa en España as mulleres empregan 92 horas semanais no coidado de menores, persoas maiores e persoas con discapacidade fronte ás 67 horas dos homes.

En canto á corresponsabilidade dentro do fogar, o 78.7% das mulleres europeas cociñan e fan as tarefas do fogar e tan só un 33,7% dos homes europeos as realizan, mentres que no noso país as horas semanais adicadas a estas tarefas por parte das mulleres serían de 20 fronte ás 11 dos homes.

Todo isto aboca ás mulleres a precariedade na percepción de pensións, xa que veñen cobrando unha media de 803 euros mensuais, na súa maioría proceden de pensións asistenciais fronte aos 1225 euros que cobran os homes pero que proceden de pensións contributivas. É este



## CONCELLO DE BUEU

Rúa de Eduardo Víncenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

outro factor no que se constata, inxustamente, a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito laboral.

Finalmente, a pandemia da COVID-19 supuxo un duro golpe económico no noso país que afectou á desigualdade entre mulleres e homes, xa que a fenda salarial está hoxe por riba do 23% por mor da precariedade laboral ocasionada pola crise sanitaria, retrocedendo aos niveis do ano 2013. O desequilibrio na conciliación na vida persoal e laboral bateu con forza ás mulleres levando a moitas delas ao desemprego para volver a facerse cargo das responsabilidades familiares, atrancando así a súa independencia económica.

Por todas estas razóns a pobreza ten nome de muller: o 70% atópase nesta situación, traballando un 66% e só un 10% percibe ingresos.

Polo que,

### **DECLARAMOS:**

1. A nosa preocupación polo aumento da fenda de xénero por mor da destrución e altas taxas de emprego temporal nas mulleres.
2. A denuncia da carga que supón para as mulleres a situación de confinamento selectivo para facerse cargo de menores, maiores e persoas dependentes coas consecuencias que isto ten para un correcto desenvolvemento da súa promoción laboral e que contribúe a reprodución de roles sexistas.
3. A necesidade de garantir que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres continúen na axenda política para facer fronte á crise económica da COVID-19 como elemento clave para favorecer á recuperación social e económica.
4. A necesidade dunha resposta coordinada que integre a perspectiva de xénero como fío condutor no deseño de solucións que contribúan a diminuír a crise económica que prexudica claramente ás mulleres.
5. A ratificación do noso compromiso co Pacto de Estado cara a execución das súas políticas no eido da igualdade e lembramos a necesidade de avanzar no seu desenvolvemento.

**Os voceiros / as da corporación municipal**